



Xosé Luís Groveiro González, concelleiro do grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) neste Concello, presenta a seguinte **pregunta** diante do Alcalde e da Comisión de Goberno para a súa resposta por escrito en relación ca **construción e posta en marcha da Unidade de Saúde Mental da Barbanza.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O anterior Goberno da Xunta de Galiza tiña iniciado o desenvolvemento do Plan Estratéxico de Saúde Mental que, entre outros, contemplaba a construción do Centro de Saúde Mental do Barbanza. Este Centro, que integraría a actual Unidade de Asistencia a Drogodependentes (UAD), tiña xa partida orzamentaria e lugar de ubicación que sería na actual parcela do Hospital da Barbanza; así o ten expresado mesmo o Alcalde diante do Pleno da Corporación Municipal en máis dunha ocasión. Polas informacións deste Grupo Municipal do BNG, mesmo a obra estaba xa licitada e adxudicada a unha empresa e, polo tanto, era inminente a súa construción. Máis recentes informacións, indican que tal adxudicación podería ter sido cancelada pola Consellería de Sanidade o que suporía un feito gravísimo desde o punto de vista da atención sanitaria na nosa comarca.

O cambio de Goberno na Xunta trouxo consigo inexplicables retardos, cando non supresións, de importantes proxectos xa en marcha no noso concello: é o caso do Macropolígono Industrial, o Centro de Día e, agora, a Unidade de Saúde Mental.

O Goberno Municipal, na súa obriga de defender os intereses e atención da cidadanía, non debe quedar impasible diante de tal sucesión de feitos senón reclamar á Xunta de Galiza a posta en marcha de servizos que, sendo necesarios para unha importante parte da poboación do noso concello e comarca, estaban xa iniciados polo anterior goberno da Xunta. Por isto, o GM do BNG presenta a seguinte

PREGUNTA

- 1.- Cal é o estado actual do Proxecto de construción da Unidade de Saúde Mental da Barbanza?
- 2.- Coñece o Goberno Municipal algún cambio a respecto da súa ubicación na parcela do Hospital da Barbanza?
- 3.- No caso de haber cambios no proxecto inicial, coñece o goberno municipal a alternativa e prazos de execución que ofrece a Consellería de Sanidade a tan importante servizo?

Ribeira, 22 de Decembro de 2009

Asdo.: Xosé Luís Groveiro González

Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Ribeira